



ESQUERRA  
REPUBLICANA

SOBIRA-  
-NISTES

ehbildu



## **Non temos Rei. Democracia, liberdade, repúblicas.**

As forzas políticas independentistas, soberanistas e republicanas asinantes desta declaración, queremos manifestar:

- A Monarquía Española e o seu máximo expoñente, o rei de España, non nos representa. A sociedade catalá, vasca e galega rexeitan maioritariamente a figura dunha institución anacrónica herdeira do franquismo que se sustenta no obxectivo de manter e impoñer a unidade de España e as súas leis, negando así os dereitos civís, políticos e nacionais que asisten as nosas cidadanías e os nosos pobos.
- No camiño democrático cara a liberdade que aspiramos, o Rei non é un interlocutor válido para nós. Nin ten a lexitimidade dos nosos pobos, nin lle recoñecemos ningunha función política. Menos aínda cando o seu papel para coas nosas nacións non foi outro que o de intentar impoñer proxectos e valores antidemocráticos, como quedou demostrado no discurso autoritario pronunciado o 3 de Outubro.
- A Monarquía Española é un estamento que non responde aos valores republicanos de liberdade, igualdade e democracia que tanto os cidadáns e cidadás dos nosos pobos como as maiorías sociais do estado anhelan. Unha democracia real só será posíbel dende a ruptura coa herdanza, as bases e valores que representa o Rei e a súa figura. Por iso, consideramos que o Rei e a Monarquía deben deixar de exercer a súa tutela sobre a cidadanía e sobre os gobernos e parlamentos que da vontade popular emanan. Só así se poderán en camiñar a solucións baseadas no respecto á vontade popular, a liberdade e a democracia.

Madrid, 3 de Febreiro de 2020